{jathumbnail}

O curso de verán **Política Social Europea e Inclusión Social** celebrouse do 20 ao 24 de xullo de 2009 e tivo lugar do luns 20 ao xoves 23 na Casa da Cultura Pintor Lloréns de Sada e a clausúra fixose no Paraninfo do Rectorado da Universidade da Coruña o venres 24.

Á inauguración do curso de verán POLÍTICA SOCIAL EUROPEA E INCLUSIÓN SOCIAL tivo lugar na Casa da Cultura de Sada, o luns 20 de xullo coa presenza de D. Abel López Soto, D. Luís Caparrós Esperante, D. Manoel Baña, Dª Mª Isabel Novo Corti, Dª Marta González Vázquez, Dª Gabriela Castro Babío e Dª Raquel Bolaño Fariñas onde todos os participantes suliñaron a importancia de que a sociedade se conciencie da necesidade de inclusión de todos os colectivos minoritarios, e do crucial papel que neste campo xogan as políticas sociais, en concreto o Fondo Social Europeo. Contouse cunha notable asistencia de alumnos, tanto da universidade da Coruña como doutras univesidades, así como de profesores de distintos niveis de ensino tanto público como privado.

Os directores do curso mostráronse moi satisfeitos coa resposta obtida en termos de matriculación e da interese amosada polo alto grao de participación nos debates que foron xurdindo ó longo das distintas intervencións nesta primeira xornada do curso.

**Visitar o sitio web do curso.**